

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 9 de decembro de 2019 pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de concurso, e se publican as puntuacións obtidas polas persoas admitidas.

Con data do 19 de xuño de 2019, o DOG fixo pública a Orde do 31 de maio de 2019 pola que se convocaba o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de concurso, cuxo obxecto é a cobertura de 26 prazas de policía local nos concellos que se enumeraban na citada orde.

Con data do 26 de xuño de 2019, o BOE publicou o anuncio da devandita convocatoria e abriu o prazo de presentación de solicitudes, rematado este e de acordo co establecido no número 4 da referida Orde do 31 de maio, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar con carácter definitivo as listaxes de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado pola Orde do 31 de maio de 2019 (DOG núm. 115, do 19 de xuño), quenda de concurso.

A listaxe de persoas admitidas poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública, <http://agasp.xunta.gal>.

A listaxe de persoas excluídas, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

A listaxe das persoas admitidas coas puntuacións outorgadas segundo a documentación presentada pode consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública, <http://agasp.xunta.gal>, e disporase dun prazo de cinco (5) días hábiles para realizar as alegacións que se consideren precisas.

A Estrada, 9 de decembro de 2019

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública



ANEXO
Listaxe de persoas excluídas

Apelidos	Nome	Causa da exclusión
Acuña Alvariña	Ana Belén	1
Candal Miranda	José Ramón	2
Caramés Nogueira	José	1, 2
Carreira Quintela	Sebastián	2
De Fusco Goyanes	Salvatore	2
Galdón Couto	Manuel Vicente	2
Jato Díaz	Pablo	2
Rincón Bueno	Alberto	2
Rodríguez Martínez	José Manuel	2
Souto López	José Igor	1
Varela Tourís	Carlos	2

Causas da exclusión	
1	Non presenta relación de méritos segundo o establecido na convocatoria
2	Supera a idade máxima

